

ASUNTO: CONTA XERAL 2015. MEMORIA DE CUSTES SIMPLIFICADA

PRIMEIRO: NORMATIVA DE APLICACIÓN

O artigo 211 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e a regra 48.3 da Instrución de Modelo Normal de Contabilidade Local (I.C.), aprobada por Orden do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas 1781/2013 de 20 de setembro, establecen a obriga dos municipios de máis de 50.000 habitantes de achegar á Conta Xeral:

- 1.- Unha memoria xustificativa do custe e rendemento dos servizos públicos.
- 2.- Unha memoria demostrativa do grao de cumprimento dos obxectivos programados, con indicación dos previstos e acadados, así como o seu custe.

Do mesmo xeito, a I.C. establece a obriga de presentación de indicadores de xestión para avaliar a economía, eficiencia e eficacia na prestación dos servizos.

É necesario facer constar que a memoria que se presenta non está elaborada nin serve como base para cumprir a obriga establecida pola Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira no seu artigo 15.2. Ésta deberá axustarse ao establecido na Orden HAP/2075/2014 de 6 de novembro (BOE 7 de novembro de 2014) pola que se establecen os criterios de cálculo do custe efectivo dos servizos prestados polas entidades locais. Neste exercicio a mesma será obxecto de elaboración independente antes do 1 de novembro, prazo sinalado ao efecto no citado artigo 15.2 da Orden HAP/2105/2012. Neste exercicio, e por razón de limitacións materiais e de persoal, incorpórase a memoria xustificativa do custe e rendemento dos servizos públicos simplificada coa mesma estrutura e información que a contida en contas anuais anteriores ao 2014. Deben poñerse en marcha os mecanismos, tanto de persoal como materiais para poñer en marcha unha axeitada contabilidade analítica, para o que se require, asemade, unha revisión, actualización e adecuación contable do Inventario de bens. Todo elo, para dar axeitado cumprimento ao establecido ao efecto na Instrución de Contabilidade, que terá plena vixencia neste punto a partires da Conta Xeral do exercicio 2017.

SEGUNDO: CONSIDERACIÓNS PREVIAS QUE SE TIVERON EN CONTA NA ELABORACIÓN DO DOCUMENTO



Como se viu referindo por Intervención en memorias de exercicios anteriores, a contabilidade municipal, púse a incorporar a partires do exercicio 2011 a clasificación orgánica de gasto, a cal se suma á clasificación por programas e económica, sen embargo non define obxectivos

medibles en relación con programas de gasto nin están establecidos indicadores para a súa medición; polo tanto, non é posible a elaboración da memoria sinalada no apartado segundo sinalado anteriormente.

A análise que se presenta, se realiza seguindo basicamente a relación de servizos de prestación obrigatoria segundo a normativa de réxime local. Os custos referidos toman como base de cálculo as obrigas recoñecidas e liquidadas imputadas ao servizo na contabilidade orzamentaria do exercicio 2015.

Os ingresos reflíctense sobre a base dos dereitos recoñecidos e liquidados en concepto de taxas ou prezos públicos vinculados aos servizos, amosándose os ingresos por transferencias ou subvencións finalistas destinados ao mantemento de carácter ordinario dos ditos servizos, e así constan explicitamente na liquidación orzamentaria do exercicio.

De conformidade coa información presentada en anteriores Memorias, só se relacionan servizos prestados polo Concello e non os prestados polo Auditorio nin polas empresas municipais, polo que quedan fora gastos xestionados na súa meirande parte polas entidades dependentes, esencialmente turismo, cultura, aparcamentos públicos, entre outros.

Os custos sinalados nos distintos servizos son, exclusivamente, de carácter directo; non se efectúa, polo tanto, imputación dos custes indirectos dos distintos centros mediais. Polo tanto, os custes reflectidos na presente memoria son presumiblemente inferiores aos que se puideran derivar da imputación adicional de ditos de ditos custes.

Non se inclúen aquelas obrigas que non puideron ser imputadas a orzamento, téndose contabilizado na conta 413, "acreedores por obrigas pendentes de aplicar a orzamento".

Os custos teóricos por amortización son, exclusivamente, os imputables ao exercicio 2015 polas inversións realizadas no exercicio, e obviando aquelas construcións ou inversións amortizables que foron obxecto de entregas a conta (certificacións de obra), e das que non se ten canalizada a información á contabilidade municipal para ter en conta a súa recepción. Todo elo débese ás dificultades, xa postas de manifesto en Contas Xerais anteriores, derivadas da inexistencia dun axeitado inventario de bens actualizado e de aplicación informática para a xestión patrimonial e seguimento contable do activo.

Pese a tódalas limitacións indicadas, practicáronse amortizacións segundo os seguintes criterios: segundo o establecido nos Principios Contables Públicos, non están suxeitos a amortización os bens integrantes do dominio público natural, os terreos e bens naturais, os investimentos destinados a uso xeral, os integrados no Patrimonio Histórico Español, se non se utilizan polo suxeito contable para a prestación de bens e servizos ou para fins administrativos. O método de





## CONCELLO DE SANTIAGO

amortización empregado foi o lineal durante a vida útil dos bens, segundo a seguinte hipótese de vida útil:

Tipoloxía de investimento	Anos de vida útil
Construcións	50
Equipos para procesos de información	4
Elementos de transporte	10
Mobiliario	10
Maquinaria, instalacións e utillaxe	10
Investimentos inmateriais	5
Outro inmovilizado material	5

O custo por amortización ten, polo tanto, un carácter meramente indicativo e non se corresponde integramente co reflectido na contabilidade patrimonial.

Por último, mantéñense os cálculos sobre os mesmos indicadores de xestión definidos nos exercicios 2014 e anteriores.

### TERCEIRO: DETALLE DE CÁLCULO DOS CUSTES POR CADA UN DOS SERVIZOS BÁSICOS MÁIS RELEVANTES

#### I) ALUMEADO PÚBLICO

Tomáronse como base de cálculo, de conformidade cos criterios sinalados no apartado precedente, as obrigas contabilizadas no programa 16500 no exercicio 2015 e que se desglosan de seguido:

<i>Subministro de enerxía eléctrica.....</i>	<i>2.551.466,34</i>
<i>Gastos de conservación, mantemento e reparación.....</i>	<i>818.147,47</i>
<i>Estudios e traballos técnicos.....</i>	<i>4.210,00</i>
<i>Investimentos en alumeado no exercicio.....</i>	<i>152.135,35</i>
<i>Custos amortización por investimentos do exercicio.....</i>	<i>1.350,25</i>
<i>Total obrigas recoñecidas no exercicio.....</i>	<i>3.525.959,16</i>
<i>Total custes correntes e amortización do inmovilizado.....</i>	<i>3.375.174,06</i>

Non se liquidan taxas ou prezos públicos pola prestación do servizo de alumeado público.

#### Indicadores de xestión:

Indicador A: Custo do servizo /nº de habitantes: 35,30 euros por habitante.



Indicador B: Cobertura dos custos directos. Non procede o cálculo deste indicador por non terse recoñecidos dereitos pola prestación deste servizo.

## II) CEMITERIO

Tomáronse como base de cálculo, de conformidade cos criterios sinalados no apartado precedente, as obrigas contabilizadas no programa 16400 no exercicio 2015 e que se desglosan de seguido:

<i>Gastos de conservación, mantemento e reparación .....</i>	<i>146.332,54</i>
<i>Investimentos en cemiterio no exercicio .....</i>	<i>Non consta</i>
<i>Custos amortización por investimentos do exercicio .....</i>	<i>0</i>
<i>Total obrigas recoñecidas no exercicio .....</i>	<i>146.332,54</i>
<i>Total custes correntes e amortización do inmovilizado.....</i>	<i>146.332,54</i>

Os ingresos recoñecidos en concepto de taxa pola prestación do servizo (concepto 30904) ascenderon a 20.751,50 euros.

### Indicadores de xestión:

Indicador A: Custo do servizo /nº de habitantes: 1,53 euros por habitante


Indicador B: Cobertura dos custos directos. Dereitos recoñecidos/Custo directo do servizo: 0,14 euros.

## III) RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS

Tomáronse como base de cálculo, de conformidade cos criterios sinalados no apartado precedente, as obrigas contabilizadas no programa 16210 e 16220 no exercicio 2015 e que se desglosan de seguido:

<i>Traballos realizados por outras empresas .....</i>	<i>6.279.302,60</i>
<i>Servizo recadación da taxa pola prestación do servizo .....</i>	<i>223.230,74</i>
<i>Investimentos e recollida e tratamento de residuos no exercicio .....</i>	<i>Non consta</i>
<i>Custos amortización por investimentos do exercicio .....</i>	<i>0</i>
<i>Total obrigas recoñecidas no exercicio .....</i>	<i>6.502.533,34</i>
<i>Total custes correntes e amortización do inmovilizado.....</i>	<i>6.502.533,34</i>





## CONCELLO DE SANTIAGO

Os ingresos recoñecidos en concepto de taxa pola prestación do servizo (concepto 30200) ascenderon a 6.328.730,78 euros.

### Indicadores de xestión:

Indicador A: Custo do servizo /nº de habitantes: 68,01 euros

Indicador B: Cobertura dos custos directos. Dereitos recoñecidos/Custo directo do servizo: 0,97 euros.

### IV) LIMPEZA VIARIA

Tomáronse como base de cálculo, de conformidade cos criterios sinalados no apartado precedente, as obrigas contabilizadas no programa 16300 no exercicio 2015 e que se desglosan de seguido:

<i>Traballos realizados por outras empresas .....</i>	<i>4.127.477,20</i>
<i>Investimentos en limpeza viaria no exercicio .....</i>	<i>Non consta</i>
<i>Custos amortización por investimentos do exercicio .....</i>	<i>0</i>
<i>Total obrigas recoñecidas no exercicio .....</i>	<i>4.127.477,20</i>
<i>Total custes correntes e amortización do inmovilizado.....</i>	<i>4.127.477,20</i>

Non se liquidan taxas nin prezos públicos pola prestación deste servizo.

### Indicadores de xestión:


Indicador A: Custo do servizo /nº de habitantes: 43,17 euros por habitante.

Indicador B: Cobertura dos custos directos. Non procede o cálculo deste indicador por non terse recoñecidos dereitos pola prestación deste servizo.

### V) ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA, SANEAMENTO E DEPURACIÓN

A prestación do servizo realízase en réxime de concesión, sen que se tiveran recollidos na contabilidade municipal a meirande parte dos custos do servizo nin os ingresos do mesmo.

### VI) ACCESO A NÚCLEOS DE POBOACIÓN E PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS





## CONCELLO DE SANTIAGO

Tomáronse como base de cálculo, de conformidade cos criterios sinalados no apartado precedente, as obrigas contabilizadas no programa 15320 no exercicio 2015 e que se desglosan de seguido:

<i>Retribucións persoal vías públicas</i> .....	304.490,83
<i>Seguridade Social a cargo do Concello</i> .....	119.752,76
<i>Reparación, mantemento, conservación e outros gastos correntes</i> .....	64.210,21
<i>Investimentos</i> .....	480.492,04
<i>Custos de amortización de investimentos non afectados a uso xeral</i> .....	0
<i>Total obrigas recoñecidas</i> .....	968.945,84
<i>Total custes correntes e amortización de inmovilizado</i> .....	488.453,80

Non se liquidan taxas nin prezos públicos pola prestación deste servizo.

### Indicadores de xestión:

Indicador A: Custo do servizo /nº de habitantes: 5,11 euros por habitante.

Indicador B: Cobertura dos custos directos. Non procede o cálculo deste indicador por non terse recoñecidos dereitos pola prestación deste servizo.

## VII) PARQUES E XARDÍNS PÚBLICOS

Tomáronse como base de cálculo, de conformidade cos criterios sinalados no apartado precedente, as obrigas contabilizadas no programa 17100 no exercicio 2015 e que se desglosan de seguido:

<i>Retribucións persoal parques e xardíns</i> .....	471.496,55
<i>Seguridade Social a cargo do Concello</i> .....	153.756,74
<i>Reparación, mantemento e conservación</i> .....	3.153.499,48
<i>Vestuario</i> .....	10.180,07
<i>Outros gastos correntes</i> .....	6.324,75
<i>Investimentos</i> .....	125.947,98
<i>Custos amortizacións</i> .....	0
<i>Total obrigas recoñecidas</i> .....	3.921.205,57
<i>Total custes correntes e amortización de inmovilizado</i> .....	3.795.257,59

Non se liquidan taxas nin prezos públicos pola prestación deste servizo.

CONCELLO DE SANTIAGO

Indicadores de xestión:

Indicador A: Custo do servizo /nº de habitantes: 36,69 euros por habitante.

Indicador B: Cobertura dos custos directos. Non procede o cálculo deste indicador por non terse recoñecidos dereitos pola prestación deste servizo.

VIII) MERCADO

A prestación do servizo realízase en réxime de concesión.

IX) PROTECCIÓN CIVIL

Tomáronse como base de cálculo, de conformidade cos criterios sinalados no apartado precedente, as obrigas contabilizadas no programa 13500 no exercicio 2015 e que se desglosan de seguido:

<i>Materiais e gastos diversos .....</i>	48.757,65
<i>Investimentos .....</i>	Non constan
<i>Custos amortización de investimentos .....</i>	0
<i>Total obrigas recoñecidas no exercicio .....</i>	48.757,65
<i>Total custes correntes e amortización do inmovilizado .....</i>	48.757,65

Non se liquidan taxas nin prezos públicos pola prestación deste servizo.

Indicadores de xestión:


Indicador A: Custo do servizo /nº de habitantes: 0,51 euros por habitante.

X) PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

Tomáronse como base de cálculo, de conformidade cos criterios sinalados no apartado precedente, as obrigas contabilizadas nos programas 23100, 23101, 23102 e 23103 e 23104 no exercicio 2015 e que se desglosan de seguido:

<i>Retribucións do persoal de servizos sociais .....</i>	1.504.121,12
<i>Seguridade social do persoal de servizos sociais .....</i>	446.636,18
<i>Axuda no fogar .....</i>	1.110.038,55
<i>Gastos de reparación, mantemento, conservación, traballos realizados por outras empresas e gastos diversos .....</i>	503.813,09





**CONCELLO DE SANTIAGO**

Gastos actividade de fomento (transferencias correntes e subvencións) .....	910.727,48
Investimentos asociados a servizos sociais .....	801.012,44
Custes amortización investimentos .....	543,36
Total obrigas recoñecidas no exercicio .....	5.276.348,86
Total custes correntes e amortización do inmovilizado.....	4.475.879,78

Indicadores de xestión:

Indicador A: Custo do servizo /nº de habitantes: 46,81 euros por habitante.

Faise constar, sen ánimo de exhaustividade e só recollendo as achegas máis relevantes que, no ámbito dos servizos sociais, concedéronse ó Concello as seguintes achegas finalistas que financian os gastos anteriormente relacionados:


- 1) Dos custes correspondentes a "Axuda no fogar" por importe de 1.110.038,55 euros, recibíronse achegas por un total de 550.422,76 euros (suma de prestación básica - 37.728,49 euros- e dependencia 512.694,27 euros). Asemade, as achegas de particulares a dito servizo, reflectidas no concepto de ingresos 34100, "Axuda no fogar" ascenderon en 2015 a 154.308,18 euros. Indícase a continuación a taxa de cobertura do servizo de "Axuda a domicilio, tendo en conta tanto as achegas de outras administracións públicas como de particulares:

Custe do servizo (engloba tanto prestación básica como dependencia)	1.110.038,55
Achegas doutras administracións públicas	550422,76
Achegas de particulares (concepto 34100)	154.308,18
Custe sen achegas	405.307,61
Custe por habitante total	11,6098246
Custe por habitante sen achegas	4,24
Cobertura dos custos: dereitos recoñecidos/custo do servizo	0,63

- 2) O importe restante da achega da Xunta de Galicia –Plan Concertado- para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais (733.627,76 euros, menos o importe de axuda a domicilio –SAF e prestación básica por importe de 550.422,76 euros), ascende a 183.205,00 euros.

A este importe hai que engadir, contabilizados nos respectivos proxectos de gasto, axudas para os seguintes programas por importe global de 83.990,91 euros:

- ✓ Inclusión social de poboación xitana (2015 3 XITAN 15), por importe de 11.700,00 euros.





- ✓ Inclusión social de poboación inmigrante (2015 3 INMIG 15), por importe de 11.700 euros.
- ✓ Inclusión social de persoas en risco de exclusión social (2015 3 RISGG 15) por importe de 37.709,63 euros.

Como subprograma específico dos servizos sociais, desglosáronse os custes correspondentes ao programa 23102, "promoción da muller", obténdose os seguintes datos:

<i>Retribucións do persoal adscrito ao servizo de Muller.....</i>	<i>70.770,89</i>
<i>Seguridade social a cargo do Concello.....</i>	<i>21.813,36</i>
<i>Traballos realizados por outras empresas.....</i>	<i>53.555,21</i>
<i>Gastos actividades.....</i>	<i>28.272,65</i>
<i>Gastos actividade de fomento (transferencias correntes e subvencións).....</i>	<i>52.620,15</i>
<i>Investimentos asociados ao servizo de Muller.....</i>	<i>10.293,94</i>
<i>Custes amortización investimentos.....</i>	<i>205,03</i>
<i>Total obrigas recoñecidas no exercicio.....</i>	<i>237.326,20</i>
<i>Total custes correntes e amortización do inmovilizado.....</i>	<i>227.237,29</i>

Indicadores de xestión:

Indicador A: Custo do servizo /nº de habitantes: 2,38 euros por habitante.


Total achega da Comunidade Autónoma para esta finalidade (Centro de Información á Muller):  
45.000,00 euros

Custe do servizo	227.237,29
Achegas doutras administracións públicas	45000
Custe sen achegas	182.237,29
Custe por habitante total	2,38
Custe por habitante sen achega	1,91
Cobertura do servizo	0,20

Outro subprograma relativo a prestación de servizos sociais é o comprendido no programa 23101 "UMAD", no que se rexistraron as seguintes obrigas recoñecidas ó longo do exercicio 2015:

<i>Retribucións do persoal adscrito ao servizo da UMAD.....</i>	<i>559.358,05</i>
<i>Seguridade social a cargo do Concello.....</i>	<i>179.024,03</i>
<i>Subministración e gastos diversos.....</i>	<i>94.076,46</i>
<i>Gastos de reparación, mantemento e conservación e traballos realizados por outras empresas.....</i>	<i>110.096,44</i>
<i>Investimentos.....</i>	<i>Non consta</i>





## CONCELLO DE SANTIAGO

<i>Total obrigas recoñecidas no exercicio .....</i>	<i>942.554,98</i>
<i>Total custes correntes e amortización do inmovilizado.....</i>	<i>942.554,98</i>

### Indicadores de xestión:

Indicador A: Custo do servizo /nº de habitantes: 9,86 euros por habitante.

Tendo en conta que a subvención concedida por parte da Comunidade Autónoma para esta finalidade para o exercicio 2015 ascendeu a 532.531,71; a achega do Ministerio de Sanidade foi de 39.701,24 euros; polo que o custe asumido polo Concello, sen ditas subvencións foi de 370.322,03 euros (todo elo, sen contar con imputación de custes indirectos, como resulta do indicado en apartados precedentes); a contía por habitante non subvencionada é de 3,87 euros, cunha taxa de cobertura do servizo en concepto de achega externa de 0,6071.

Por último dentro de servizos sociais, recóllese de xeito detallado os gastos relativos ó subprograma "Emigración/inmigración", rexistrado co código 23103:

<i>Retribucións do persoal adscrito ao servizo de emigración/inmigración .....</i>	<i>41.751,54</i>
<i>Seguridade social a cargo do Concello .....</i>	<i>12.811,18</i>
<i>Subministrados e gastos diversos .....</i>	<i>0,00</i>
<i>Total obrigas recoñecidas no exercicio .....</i>	<i>54.562,72</i>
<i>Total custes correntes e amortización do inmovilizado.....</i>	<i>54.562,72</i>

### Indicadores de xestión:


Indicador A: Custo do servizo /nº de habitantes: 0,57 euros por habitante.

Como se sinalou anteriormente, no exercicio 2015 foi concedida unha achega para "esta finalidade por importe de 11.700,00 euros. Polo que o importe dos custes, descontada a subvención ascende a 42.862,72 euros, o que implica un custe por habitante de 0,45 euros e unha taxa de cobertura do servizo pola achega externa de 0,21.

## XII. PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS

Tomáronse como base de cálculo, de conformidade cos criterios sinalados no apartado precedente, as obrigas contabilizadas no programa 13600 no exercicio 2015 e que se desglosan de seguinte maneira:





## CONCELLO DE SANTIAGO

<i>Retribucións do persoal adscrito ao servizo de extinción de incendios .....</i>	<i>1.704.431,56</i>
<i>Seguridade social a cargo do concello .....</i>	<i>663.170,99</i>
<i>Conservación, mantemento e reparación e traballos realizados por outras empresas .....</i>	<i>28.206,37</i>
<i>Subministrados e gastos diversos .....</i>	<i>10.162,57</i>
<i>Investimentos .....</i>	<i>98.458,64</i>
<i>Custes de amortización de investimentos do exercicio .....</i>	<i>1.234,70</i>
<i>Total obrigas recoñecidas no exercicio .....</i>	<i>2.504.430,13</i>
<i>Total custes correntes e amortización do inmovilizado.....</i>	<i>2.407.206,19</i>

O importe dos dereitos recoñecidos no concepto de ingresos 30900 "Extinción de incendios e salvamento" ascendeu en 2015 a 30.501,04 euros.

### Indicadores de xestión:

Indicador A: Custo do servizo /nº de habitantes: 25,18 euros por habitante.

Indicador B: Cobertura dos custos directos. Dereitos recoñecidos/Custo directo do servizo: 0,01.

## XII) INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE USO PÚBLICO

Tomáronse como base de cálculo, de conformidade cos criterios sinalados no apartado precedente, as obrigas contabilizadas nos programas 34000, 34100 e 34200 no exercicio 2015 e que se desglosan de seguido:

<i>Retribucións do persoal adscrito ao servizo de deportes .....</i>	<i>323.991,06</i>
<i>Seguridade social a cargo do Concello .....</i>	<i>101.864,21</i>
<i>Conservación, mantemento e reparación e traballos realizados por outras empresas .....</i>	<i>874.230,18</i>
<i>Subministrados e gastos diversos .....</i>	<i>401.866,04</i>
<i>Actividades .....</i>	<i>122.886,69</i>
<i>Actividades de fomento .....</i>	<i>545.286,70</i>
<i>Investimentos .....</i>	<i>239.235,15</i>
<i>Custes de amortización de investimentos do exercicio .....</i>	<i>58,89</i>
<i>Total obrigas recoñecidas no exercicio .....</i>	<i>2.609.360,03</i>
<i>Total custes correntes e amortización de inmovilizado.....</i>	<i>2.370.183,77</i>

O importe dos dereitos recoñecidos netos en concepto de prezo público pola prestación dos servizos e realización de actividades nos pavillóns deportivos (concepto 34300) ó longo do exercicio 2015 foi de 181,45 euros.





## CONCELLO DE SANTIAGO

### Indicadores de xestión:

Indicador A: Custo do servizo /nº de habitantes: 24,79 euros por habitante.

Indicador B: Cobertura dos custos directos. Dereitos recoñecidos/Custo directo do servizo: o reducido importe de dereitos recoñecidos por este concepto fai irrelevante o importe da cobertura dos custos directos, debido a que a meirande parte das instalacións deportivas xestionanse de xeito indirecto.

### XIII) TRANSPORTE COLECTIVO URBANO

Tomáronse como base de cálculo, de conformidade cos criterios sinalados no apartado precedente, as obrigas contabilizadas no programa 44110 no exercicio 2015 e que se desglosan de seguido:

<i>Achegas ao déficit do transporte .....</i>	<i>4.404.427,33</i>
<i>Outros gastos de transporte .....</i>	<i>7.242,09</i>
<i>Investimentos .....</i>	<i>0,00</i>
<i>Custes de amortización de investimentos do exercicio .....</i>	<i>0,00</i>
<i>Total obrigas recoñecidas no exercicio .....</i>	<i>4.411.669,42</i>
<i>Total custes correntes e amortización do inmovilizado.....</i>	<i>4.411.669,42</i>

Estas obrigas inclúen a liquidación definitiva ao déficit do exercicio 2014 e as entregas a conta efectuadas en 2015 sobre o orzamento de explotación previsto.

A subvención estatal para esta finalidade reflectida no estado de ingresos (concepto 42098) ascendeu a 405.812,08 euros.

### Indicadores de xestión:


Indicador A: custo servizo/ número de habitantes:

- 1) Sen descontar a subvención: 46,14 euros por habitante
- 2) Descontando a subvención: 41,90 euros por habitante

Grado de cobertura (dereitos recoñecidos/custe do servizo) é de 0,092

### XIV) PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE





**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Tomáronse como base de cálculo, de conformidade cos criterios sinalados no apartado precedente, as obrigas contabilizadas nos programas 17200 e 17210 no exercicio 2015 e que se desglosan de seguido:

<i>Retribucións do persoal adscrito ao servizo de medio ambiente .....</i>	<i>138.646,48</i>
<i>Custes seguridade social .....</i>	<i>33.172,74</i>
<i>Conservación, mantemento e reparación e traballos realizados por outras empresas .....</i>	<i>11.344,86</i>
<i>Subministrados e gastos diversos .....</i>	<i>1.494,73</i>
<i>Actividades .....</i>	<i>0,00</i>
<i>Actividades de fomento .....</i>	<i>0</i>
<i>Investimentos .....</i>	<i>45.971,17</i>
<i>Custes de amortización de investimentos do exercicio .....</i>	<i>0</i>
<i>Total obrigas recoñecidas no exercicio .....</i>	<i>230.629,98</i>
<i>Total custes correntes e amortización de inmovilizado .....</i>	<i>184.658,81</i>

Pola prestación deste servizo, o Concello non liquida taxa ou prezo público algún.

Indicadores de xestión:

Indicador A: custo servizo/ número de habitantes: 1,93 euros por habitante

Santiago de Compostela, a 17 de agosto de 2016



Conforme,

A INTERVENTORA XERAL

Inmaculada Viña Carregal